

PROVA

Estamos ante o proxecto gañador da VIII edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea, un traballo que vai para alén do fotográfico. Logo de varios anos de investigación, a autora, presenta na sala, xunto coas súas fotografías documentais, documentos históricos, escenificacións, fotografías antigas e varios obxectos. Unha grande colección coa que deconstrúe o aprendido sobre a historia recente.

A artista parte do descubrimento dun álbum de fotografías do seu pai da época na que foi militar en África, enviado polo Novo Estado portugués para a defensa do que na altura chamaban “Provincias de Ultramar”. Logo dun proceso de desaprendizaxe e de relectura, consegue, a través de numerosa obxectoloxía como cartas ou postais, reescribir a historia dunha época na que a supremacía europea anulaba as numerosas identidades africanas. Nese proceso, Patrícia fálanos dos xogos de poder, exercido sempre na mesma dirección: desde o home branco cara todos os demais seres cos que cohabita, sexa nas colonias ou na metrópole.

Patrícia Barbosa, 1989.

Artista visual que desenvolve a súa investigación en torno á fotografía, o texto e os obxectos. Normalmente en proxectos documentais de longa duración e relacionados con realidades pouco visíbeis, entre a memoria e as súas evidencias.

Licenciada en Ciencias da Comunicación con especialización en Multimedia pola Universidade do Porto e Posgraduada en Fotografía pola Universidade Católica Portuguesa.

Foi vencedora do Prémio Jovens Criadores Portugueses (2015) e seleccionada para representar a Portugal na categoría de Fotografía na exposición de Jovens Criadores da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) en 2017. En 2019 participou nunha residencia artística promovida polo MDOC - Festival Internacional de Documentário de Melgaço e, en 2012, na residencia artística Conviver na Arte coa Fundación Robinson en Portalegre.

Participou en diversas exposicións como no Creative Macau – Center for Creative Industries (Macau), Centro Português de Fotografia (Porto), na Bienal de Arte de Cerveira (Vila Nova de Cerveira), no CAAA - Centro para os Assuntos da Arte e Arquitectura (Guimarães) e na Casa do Território (Famalicão).